



## PROGRAMA CINENSINO 2008-2009

### PRESENTACIÓN

Cinensino é un programa de prevención de drogodependencias dirixido ao ámbito escolar e ten, como obxectivo final, impedir ou retrasar o inicio no consumo de drogas do alumnado.

O programa vai dirixido á poboación escolar de 1º e 2º da ESO por ser nesta idade na que se producen os primeiros consumos esporádicos de drogas. A intervención preventiva debe comezar antes de que se establezan patróns de consumo difíciles de cambiar.

Para a axeitada aplicación do programa, co fin de acadar os obxectivos finais, e preciso ter en conta os seguintes aspectos:

1.- O programa consta da proxección en 35 mm (formato cine) de 3 películas (unha cada trimestre), a realización das correspondentes unidades didácticas (compostas dun manual para o profesorado e un caderno para o alumnado) e a posibilidade de facer un curso de formación para o profesorado a través da internet (dito curso é optativo). É importante ter en conta que a proxección das películas non é un fin en si mesmo, senón un medio para traballar as unidades didácticas.

2.- A participación no programa é de xeito voluntario. Os colexios e institutos de educación secundaria o comezo do curso escolar reciben o dossier informativo e as follas de inscrición. Unha vez inscritos os centros escolares, o profesorado participante debe comprometerse a levar a cabo a proposta de traballo descrita no dossier (prégase encarecidamente ler detidamente o dossier adxunto).

3.- Os participantes no programa (profesorado e alumnado) deberán visionar todas as películas de que consta o programa, para logo poder desenvolver axeitadamente os contidos na aula. Asimesmo, deberán colaborar e cooperar cón persoal da sala de proxeccións, seguindo as indicacións destes, e mantendo o orde e a limpeza da mesma. Se recomenda ao profesorado non fumar diante dos rapaces. Todos somos modelos de Saúde.

4.- As unidades didácticas deben ser cumprimentadas na aula exclusivamente. O término da cumprimentación das unidades didácticas, o profesorado deberá comprobar o grao de cumprimentación das mesmas por parte do alumnado (o éxito do programa radica na axeitada aplicación dos materiais didácticos).

5.- Por último, e importante reseñar que a eficacia do programa depende en gran medida da implicación do profesorado. Agradecemos de antemán a vosa inestimable colaboración.

### NOTA IMPORTANTE:

Na presente documentación inclúese una folha dirixida aos pais dos alumnos participantes na que se lles explica en qué consiste o Programa CINENSINO. Queda a criterio de cada un dos centros escolares decidir a pertinencia de facela chegar aos seus destinatarios.